

# LETRAS GALEGAS 2015

JOSE FERNANDO FIGUEIRA VALVERDE



XUNTA DE GALICIA

# ÍNDICE

Presentación..... páx. 5

## Actividades

Educación infantil..... páx. 6

1.º curso de educación primaria ..... páx. 12

2.º curso de educación primaria ..... páx. 14

3.º curso de educación primaria ..... páx. 18

4.º curso de educación primaria ..... páx. 22

5.º curso de educación primaria ..... páx. 24

6.º curso de educación primaria ..... páx. 28

## Anexos

Anexo 1 ..... páx. 35

Anexo 2 ..... páx. 36

Anexo 3 ..... páx. 37

XUNTA DE GALICIA  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Política Lingüística  
CEP Salustiano Rey Eiras, A Pobra do Caramiñal

**Coordinadora:**  
María del Carmen Dios Fernández

**Autoría:**  
Rosalía Álvarez Vidal  
María Ángela Ayaso Monteagudo  
Diana Crujeiras Fernández  
José Delgado Marco  
Juan Ferreiro López  
Susana Ferro Íñiguez  
Carmen M.ª Giménez Calviño  
Silvia López Rodríguez  
Silvia Rodríguez Dorribo  
Susana Santamaría Olveira

Dep. legal: C 502-2015



## Presentación

Recóllese neste libriño un feixe de follas co que tratamos de achegarvos á vida e obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015, un dos intelectuais sobranceiros da Galicia do século XX cunha intensa vida e unha extensa obra.

Escollemos o lema “**Traballando co Vello Profesor**” porque quixemos recordar e significar, de maneira especial, a figura do mestre. Xosé Filgueira Valverde exerceu a docencia dende o curso 1928-1929 ata o ano 1976 en que se xubilou. Catro décadas nas que estendeu o seu maxisterio dentro e fóra das aulas, de aí que se coñecese co sobrenome de o Vello Profesor, que fixemos noso nesta proposta.

A achega que agora lles presentamos, “**Traballando co Vello Profesor**”, inclúe unha guía didáctica e dez carteis. A guía contén actividades diferenciadas por curso e cunha repartición equilibrada para educación infantil e para cada un dos seis cursos de educación primaria.

As actividades formuláronse con base nos carteis e en estreita relación co contido exposto nestes.

Os dez carteis foron elaborados polo alumnado de 1.º C, 2.º C, 4.º D, 5.º A, 5.º C, axudados nalgún momento polo resto dos compañeiros en calidade de colaboradores.

Para a realización dos carteis utilizamos diferentes técnicas e materiais:

- cartel 1: papel, fotos e cartón.
- cartel 2: pintado con café (fondo) e con ceras.
- cartel 3: témperas, plastilina (muro, logo do Seminario e tronco da árbore). Material de reciclaxe: cartón (marco do logo do Instituto Padre Sarmiento) e revistas vellas (para o collage do Museo de Pontevedra) e canas (balcón).
- cartel 4: pintado con témpera a brochadas, obras impresas e plastificadas. Material de reciclaxe: cordel e pinzas de madeira.
- cartel 5: témpera, cola, goma eva e pintura de Entroido. Material de reciclaxe: revistas enroladas e papel de reutilizar (para poñer os bicos).
- cartel 6: estampación empregando os pés de seis nenos de 1.º de primaria. O mar está estampado coa técnica de esponxa. Empregouse témpera, area e folios de reciclaxe.
- cartel 7: témpera, pintura de dedos e ceras.
- cartel 8: plastilina laranxa e azul e témperas.
- cartel 9: pintado con café, goma eva e papel queimado. Material de reciclaxe: cartón ondulado.
- cartel 10: pintado con té e rotulador negro.

O colectivo de mestres/as que participamos na elaboración está formado por: Susana Santamaría Olveira (titora 1.º curso C), Diana Crujeiras Fernández (titora 2.º curso C), Rosalía Álvarez Vidal (titora 4.º curso D), Silvia Rodríguez Dorribo (titora 5.º curso C), Silvia López Rodríguez (titora 5.º curso A), María Ángela Ayaso Monteagudo (Inglés), José Delgado Marco (director e coordinador de Medio Ambiente), Susana Ferro Iñiguez (orientadora), Juan Ferreiro López (mestre especialista PT e coordinador TIC), Carmen M.ª Giménez Calviño (PT). Actuou como coordinadora Mari Carmen Dios Fernández (coord. do equipo de dinamización da lingua galega).

“**Traballando co Vello Profesor**” é o resultado do labor conxunto do CEP Salustiano Rey Eiras, ao que se sumaron nalgún momento do proceso Trini Grandío (coidadora), Covadonga Rocho (mestra de Educación Física), Daniela Martínez (xefa de estudos e coordinadora da biblioteca), Carlos Abuín (conserxe) e toda a comunidade educativa.

As nosas palabras finais son de agradecemento para todos aqueles que colaboraron e se implicaron na realización deste traballo: o cadro de persoal docente, non docente e o alumnado do colexio.





## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

- NACEU EN PONTEVEDRA

PONTEVEDRA



- FOI PROFESOR



- E ESCRITOR



- DIRIXIU O MUSEO DE PONTEVEDRA



- TIVO CATRO FILLAS E UN FILLO



- VIVIU 89 ANOS



1. MIRA O CARTEL 10. IDENTIFICA O AUTOR AO QUE ESTE ANO SE LLE DEDICA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS. RECORTA POLA LIÑA E NA PÁXINA SEGUINTE ORDENA E PEGA OS ANACOS.




REPASA E COPIA O NOME DO AUTOR

---

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE


2. RODEA AS VOGAIS DO SEU NOME E APELIDOS:

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

AGORA CONTA E ESCRIBE O NÚMERO DE VOGAIS QUE HAI:

A  E  I  O  U

3. ESTE É O MAPA DE GALICIA. XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE NACEU EN PONTEVEDRA. RODEA A PALABRA PONTEVEDRA E COLOREA AS PROVINCIAS SEGUNDO O CÓDIGO:



- A CORUÑA
- LUGO
- OURENSE
- PONTEVEDRA

4. XOSÉ FILGUEIRA E A SÚA MULLER MARÍA TERESA FORON PAIS DE 4 NENAS E 1 NENO. CANTOS FILLOS TIVERON?

+  =

5. NO CARTEL 6 HAI PEGADAS DE CORES. CANTAS CONTAS TI? EU QUERO DEBUXAR A MIÑA DE COR VERDE, PERO SÓ TEÑO TÉMPERAS DE COR AZUL E AMARELA. PODO CONSEGUIR A COR VERDE?


DEBUXA UNHA PEGADA E PÍNTAA DE COR VERDE.

Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

6. XOSÉ FILGUEIRA AXUDOU A ESCRIBIR UN DICCIONARIO EN GALEGO. CREA TI O TEU CON DEBUXOS:

MUSEO	MAIO
LIBRO	ARTISTA

7. ATOPA O CAMIÑO QUE UNE A FOTO DO MUSEO DE PONTEVEDRA CO DEBUXO DO MUSEO DO CARTEL 3.



8. NO CARTEL 8 HAI NOMES DE OFICIOS. RELACIONA CADA DEBUXO CO SEU NOME:



# 1.º curso de educación primaria

1. Le:

Naceu en Pontevedra en 1906. Tivo catro fillas e un fillo. Foi profesor ata os 70 anos e coñecíano como o **Vello Profesor**. Xosé Filgueira Valverde foi tamén escritor. Algúns dos títulos das súas obras son: **Os nenos**, **Agromar** e **Quintana viva**. Tamén dirixiu o Museo de Pontevedra. Viviu 89 anos.

- Responde as seguintes preguntas relacionadas coa lectura anterior:

- En que cidade naceu Xosé Filgueira Valverde? \_\_\_\_\_
- Cal foi a súa profesión? \_\_\_\_\_
- A que idade morreu? \_\_\_\_\_
- Mira o cartel 1 e escribe o número de fillos que tivo e o nome de cada un.

2. O Día das Letras Galegas celébrase o 17 de maio. Fíxate no seguinte calendario. Busca o mes de maio e rodea de cor verde o día 17. En que día da semana cae?

2015						
<b>XANEIRO</b>		<b>FEBREIRO</b>		<b>MARZO</b>		
L	M	ME	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	
<b>ABRIL</b>		<b>MAIO</b>		<b>XUÑO</b>		
L	M	ME	J	V	S	D
			1	2	3	4
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			
<b>XULLO</b>		<b>AGOSTO</b>		<b>SETEMBRO</b>		
L	M	ME	J	V	S	D
			1	2	3	4
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		
<b>OUTUBRO</b>		<b>NOVEMBRO</b>		<b>DECEMBRO</b>		
L	M	ME	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

3. Con que alcume se coñece a Xosé Filgueira Valverde? Mira o cartel 2 e escríbeo.

- Explica por que cres que llo puxeron. \_\_\_\_\_

# Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

4. No cartel 4 hai imaxes das portadas de libros que escribiu Xosé Filgueira Valverde. Escribe o título do primeiro libro que aparece no dito cartel.

5. Relaciona cada imaxe que aparece no cartel 3 co seu nome:



Seminario de Estudos Galegos	Museo de Pontevedra	Instituto Sánchez Cantón	Instituto Padre Sarmiento
------------------------------	---------------------	--------------------------	---------------------------


6. Localiza no cartel 5 o beizo coa palabra "medo". Algunha vez sentiches medo? Que cousas che dan medo?

7. No cartel 5 hai unha chea de beizos. Cantos hai de cor vermella, azul e amarela? E en total?

$$\square + \square + \square = \square$$

8. Copia a poesía que está na pegada azul do cartel 6.

9. No cartel do mapa de Galicia (número 8) aparecen círculos, semicírculos, rectángulos e óvalos. Conta os que hai e escribe o número.




- Vai á páxina 12 e le o texto sobre Xosé Filgueira Valverde.
- Completa o seguinte encrucillado sobre a vida do autor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2015 coa axuda dos carteis.

### Horizontais

- 1. Lugar onde naceu en 1906
- 2. Ata os 70 anos exerceu como...
- 3. Primeiro apelido do homenaxeado

### Verticais

- 1. O seu nome é...
- 2. Título dunha das súas obras
- 3. A súa segunda profesión foi...



- Copia o poema do cartel 6 que está na pegada...
  - Ímosche dar unha pista para que atopas a pegada: a súa cor obtense mesturando a vermella e a amarela.
  - Fíxate no cartel 7. Está dedicado á Festa dos Maios. Le a cantiga e adorna o teu maio.
  - Vai ao cartel 4. Escribe o título da primeira obra que ves. \_\_\_\_\_
- Lede coa axuda do voso mestre o conto "O Pomar" que vén deseguido:

**B**o coma poucos e brandido era o pomariño do meu avó. Na terra alongada de Cons, entremedio dos milleiros e das viñas, o verde antigo do noso pomar ollábase de lonxe, e a sona dos seus froitos pasaba alén dos soutos do Seixo e do Castrobe. Todo era de árbores vellas e escolleitas, cada unha tiña o seu nome e a súa historia. Era unha gloria cando as pólas florecían e cando, cargadas de froito, bicaban o chan. Nas noites de corisco e treboada non se durmía na casa e unha póla esgazada entolecía ao meu avó como a morte dun bacoriño.

Tiña nogueiras, e figueiras, e cerdeiras, e ameixeiras, e pexegueiros, mais o que daba xenio eran as pereiras e mais as maceiras. Había froita a correr, para nós, para o abade, para os señores, para os veciños, para os pobres... unha enchente, unha fartura. Endexamais do mundo vin froita como aquela, tanta e tan clemente, tan doce, tan bonitiña.

- Fíxate nas árbores froiteiras que aparecen no conto: nogueira, figueira, cerdeira, ameixeira, pexegueiro, pereira e maceira.
- Relaciona o nome de cada árbore coa imaxe e escribe debaixo o nome do froito que dá:

figueira	pereira
nogueira	ameixeira
cerdeira	maceira
pexegueiro	

## 2.º curso de educación primaria

6. Fíxate no cartel 10. Colorea coa mesma cor o nome destes escritores galegos e a súa caricatura. Todos foron homenaxeados o Día das Letras Galegas.

	A. D. Rodríguez Castelao	
	Afonso X o Sabio	
	Rosalía de Castro	
	Ramón Otero Pedrayo	
	Ramón Cabanillas Enríquez	
	Antón Noriega Varela	
	Frei Martín Sarmiento	
	Celso Emilio Ferreiro	
	Xosé Filgueira Valverde	

7. Observa o cartel 6. Escribe o título completo dunha obra de Filgueira Valverde que se atopa na esquina superior esquerda do cartel. Cantas cancións aparecen escritas?

Copia a que está ao lado da primeira pegada.

---



---



---



---

8. Se de Pontevedra a Santiago hai 64 quilómetros e de Santiago a Lugo 108 quilómetros, canta distancia hai de Pontevedra a Lugo?

## Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

9. Repara no cartel 8. Nel aparecen nomes de oficios. Relaciona a imaxe co nome do oficio e co obxecto producido.



TECEDEIRAS



OURIVES



MUIÑEIRO




PALILLEIRAS



CANTEIROS



OLEIROS



FERREIROS



## 3.º curso de educación primaria

### BIOGRAFÍA

Xosé Fernando Filgueira Valverde naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906. No ano 1923 participou na creación do Seminario de Estudos Galegos. O seu labor como creador literario iniciouse con **Os nenos**. Licenciouse en Dereito no ano 1928. Na década dos trinta foi colaborador habitual de **El Pueblo Gallego** e **Logos**, no que asinaría co pseudónimo de J. Acuña, que tamén utilizaría na obra teatral **Agromar**. No 1935 comezou a organizar unha escolma de poesía galega de todos os tempos para conmemorar o centenario do nacemento de Rosalía de Castro. No 1935 defendeu, na Universidade de Madrid, a súa tese de doutoramento sobre a Cantiga CIII de Afonso X o Sabio. Casou con María Teresa Iglesias de Oscáriz o ano 1938 e tivo cinco fillos: Araceli, José Fernando, María Teresa, Pilar e Ángeles. Foi membro numerario da Real Academia Galega dende 1941. Dirixiu o Museo de Pontevedra entre 1940 e 1986, e foi responsable da súa plena consolidación. Dende 1946, e durante 30 anos, foi director do Instituto de Pontevedra. Foi alcalde de Pontevedra de 1959 a 1968 e conselleiro de Cultura de 1982 a 1983. Xubilouse como docente en 1976. Desenvolveu unha intensa actividade de recuperación e divulgación histórica, cultural e etnográfica, publicando innumerables artigos sobre literatura, arte ou música. No transcurso da súa vida foi distinguido con numerosos premios e condecoracións, entre as que están as medallas de Ouro das cidades de Santiago e Pontevedra. Faleceu na casa familiar de Pontevedra, o 13 de setembro de 1996.



1. Despois de ler a biografía anterior e de mirar os cartéis 1, 2, 3 e 4, escribe verdadeiro (V) ou falso (F). Corrixe despois as frases falsas:

- Tivo catro fillos  \_\_\_\_\_
- Naceu en Pontevedra  \_\_\_\_\_
- Faleceu aos 50 anos  \_\_\_\_\_
- Participou na creación do Museo do Pobo Galego  \_\_\_\_\_
- Foi alcalde da cidade de Vigo  \_\_\_\_\_
- Algúns dos seus escritos asinounos co pseudónimo de J. Acuña  \_\_\_\_\_
- Dirixiu o Instituto Padre Sarmiento  \_\_\_\_\_
- A súa primeira obra narrativa foi **Os nenos**  \_\_\_\_\_
- Escribiu moitas obras de teatro  \_\_\_\_\_

2. Escribe ao lado de cada frase o ano que corresponda a cada acontecemento da súa vida:

1928 - 1959 - 1938 - 1923 - 1996 - 1976 - 1906


- \_\_\_\_\_ Naceu en Pontevedra
- \_\_\_\_\_ Participou na fundación do Seminario de Estudos Galegos
- \_\_\_\_\_ Licenciouse en Dereito
- \_\_\_\_\_ Casou con María Teresa Iglesias
- \_\_\_\_\_ Foi nomeado alcalde de Pontevedra
- \_\_\_\_\_ Xubilouse como profesor
- \_\_\_\_\_ Faleceu na casa familiar

## Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

3. Escribe o nome de cada provincia e colorea nas que viviu Xosé Filgueira Valverde:



4. Busca, rodea e colorea a faciana de Xosé Filgueira Valverde. Está entre outras de autores e autoras que foron homenaxeados o Día das Letras Galegas. Fíxate no cartel 10.



## 3.º curso de educación primaria

5. Le o seguinte texto e responde:

A Festa dos Maios en Pontevedra celébrase o día primeiro do mes de maio.

A praza da Ferrería é o lugar no que se leva a cabo esta colorida celebración que festexa a chegada da primavera.

A participación está regulada por unhas bases elaboradas polo Concello de Pontevedra nas que se esixe que o maio ten que ser o tradicional de Pontevedra. Tamén se dan normas sobre o uso dos materiais permitidos e sobre a súa elaboración. En canto á coroa, admítense que vaia como remate do maio ou separada del.

Nas cantigas valórase a retransca, a composición, o ritmo e a linguaxe, e penalízase o uso de palabras malsoantes, e na interpretación das coplas elixidas o uso do canto tradicional de Pontevedra, a entoación, o ritmo e a voz intérprete.

Con base en: <http://www.museo.depo.es/pdf/mayos.pdf>

- De que festa se fala no texto? \_\_\_\_\_
- Cando se celebra? \_\_\_\_\_
- En que vilas? \_\_\_\_\_
- Que se conmemora na Festa dos Maios? \_\_\_\_\_
- En cal dos carteis hai un debuxo desta festa? \_\_\_\_\_
- Busca no dicionario a palabra "maio" e copia o seu significado. \_\_\_\_\_
- Escribe o nome doutras festas. \_\_\_\_\_

6. Copia este poema sobre os maios escrito por Xosé Filgueira Valverde e publicado no seu libro *Adral* (1979):

Rapaces de Mourente,  
rapaces de Marcón,  
vinde ver a Carracedo,  
que fuxiu con San Simón.  
Rouboulle a camisa,  
rouboulle o pantalón,  
deixouno en cirolas  
que metía compasión.  
Viñeron os de Vigo  
á Virxe do Camiño,  
e Carracedo  
todo lles estaba oíndo.  
Veu San Simón,  
zorregoulle un bofetón:  
e ti gran puñeflero  
disparaches o cañón.

Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

7. Busca as nove palabras que aparecen en negriña no poema anterior:

puñeflero  
rapaces  
camiño  
cirolas  
virxe



8. No libro *Quintana viva*, na sección Os Nomeandeiros, está o conto "Pucariños". Leo e ilustra.

Puxeran na Exposición o remedo dunha telleira. Non tiña o frescor da adega terreña onde o rapaciño traballaba a cotío. Tampouco aquí traballaba de arxel, co pé espido na roda: calzáranos e puxéranlle un fato novo, moi señorito. Pero el facía o seu mester coma se estivese en Bamio, co mirrar lonxano, e, rematada a peza, deixábaa na táboa, cun xeito litúrxico, de oferente. Ían saíndo, moldeadas da súa man, na pasta da cor do mel, púcaros, cuncas, oliñas... O canivete, sen ferilas, engadía esas liñas que abundan para facerlle un espírito distinto a cada cousa. E a man, agarimando, era como unha beizón para elas.

- Póñolles nomes... Anque logo xa non as vexa máis e non poda chamalas por eles...
  - ¿Que nomes?
  - Eu que sei: nomes de veciños, de lugares, de paxaros... e tamén do cine.
- Fíxome rir o coidar que aquel cachirulo campaniforme puidera chamarse Sofía. Como se adiviñase, levoume, de novo, a un tempo xurdío e lonxano:
- A unha oliña ben xeitosa heille poñer o nome da miña moza... cando a teña.

9. Saída a Santiago de Compostela e visita ao Museo do Pobo Galego.

Para preparar a visita ao museo, podes informarte indo a

<http://www.museodopobo.es/expo-sala-oficios.php>.

- Pero antes debes resolver estas adiviñas relacionadas cos oficios que fixeron nenos e nenas coma ti:

Traballo a pedra, non poño a voz fago esculturas non son tenor.	Co barro fago o meu traballo que logo cozo con moito agrado.	Retorzo metais facendo ferramentas emprego o lume que ademais me quenta.	Teño os zocos rotos pola sola e o tacón quen mos arranxará con agulla e con punzón?
--	---	---	--

- Dentro do museo, faremos unha visita guiada pola sala dos oficios.

Podemos participar no obradoiro *Canteiros por un día!* que o museo oferta.

## 4.º curso de educación primaria

1. A persoa á que se lle dedicou a primeira celebración das Letras Galegas foi Rosalía de Castro. Fíxate no cartel 10 e di en que ano.

Por que se elixiría a escritora?

Para atopar a resposta podes consultar a ligazón:

[http://bvg.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=RosCastr&alias=Rosal%EDa+de+Castro&solapa=biografia](http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=RosCastr&alias=Rosal%EDa+de+Castro&solapa=biografia)

Este ano o Día das Letras Galegas homenaxea a

Localízao no cartel 10.

2. Continuamos co cartel 10. Recupera o nome dos autores e o ano en que se lles dedicou o Día das Letras Galegas. A continuación ordena cronoloxicamente dende o máis antigo ata ao actual.

3. Tendo en conta o ano en que empezou este festexo e o ano en que estamos, calcula cantos se leva celebrando o Día das Letras Galegas.

4. Observa o cartel 4. Fíxate nas datas de publicación dos libros. Cópiaas e escríbeas en números romanos.

5. Xosé Filgueira Valverde foi recibido na Real Academia Galega como académico de número no 1941 nunha sesión extraordinaria realizada na Universidade de Santiago de Compostela. Mira o cartel 9 e apunta o título do seu discurso de ingreso.

- Localiza a sede da Real Academia Galega na Coruña en

<http://www.realacademiagalega.org/>

- Anota o enderezo:

6. O cartel 7 está relacionado coa Festa dos Maios.

- Le o seguinte texto e poderás saber como se fai un maio:

A armazón dun maio está composta polas angarellas -por onde se ergue-, as catro patas, os aros de bocoi -que fan que sexa cónico como unha montaña- e as canas, que lle rematan de dar a forma.

As catro patas súxéitanse dúas a un sentido e as outras dúas a outro; contra elas van aseguradas as angarellas a unha altura aproximada duns 50 centímetros.

Unha vez que se ten lista a armazón, o seguinte paso é cubrila con fiúncho, que se cincha con arames sobre as canas. Antigamente facíase con cordel de atar os chourizos.

Entón chega o momento de poñer bonito o maio. Os maios adórnanse con laranxas, ovos -que poden ir ocos ou cocidos-, margaridas amarelas e brancas, rosas e camelias, que se enfián con sedela.

O último paso é o final do maio, que se pode facer con ou sen coroa, xa que algúns dos grupos optan por fabricala á parte.

A coroa independente leva unha base de ferro, que se encarga coa forma que se desexa un mes antes do primeiro de maio, e que se cubrirá de flores para o devandito día.

## Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

- Busca no dicionario as palabras da lectura:

armazón:

angarellas:


aro:

bocoi:

Podes ir a <http://www.realacademiagalega.org/diccionario>

- No seguinte debuxo tes a armazón dun maio.

Escribe o nome das partes: angarellas, patas, aros de bocoi e canas.



7. Escribía Filgueira Valverde no conto "O alcumante": "Do mesmo xeito que cada freguesia ten un seu cantaruxeiro que fai as cantigas para os entroidos, os maios e as chocalladas, tamén hai en todo lugar un tal que pon os alcumes".

- Convértete ti nun cantaruxeiro e inventa cancións de maios.

8. Le o seguinte fragmento do conto "O nome verdadeiro":

No bautismo puxéranche Xan, os teus pais chámanche Xanciño; as tías tías, Nito; o mestre, Juan, os amigos Coruxo. ¿Cal é o teu nome verdadeiro? ¡Pódenlle chamar a un de tantos xeitos! Cando non che saben o nome, veña: neno, rapaz, rapazolo, cativo, mozo, mociño, chaval... como un para que veña o que pasa de lonxe, bérallle:

- Ei, vostede, aquel home...

¡Aquel home! Eu sería "aquel home": Xan, Xanciño, Nito, Juan, Coruxo... e tamén Xan de Cibrán, Xan de Carmen, Xan o da Bouza... Eu iría ter logo tantos nomes como me foran poñendo as aldraxes e as loubanzas.

- Coma ao Xan do conto, tamén a Filgueira Valverde o coñecían con nomes distintos. Sabes cales? Pídelle axuda ao teu mestre ou mestra para que che explique que é un hipocorístico e un alcume.

9. Fíxate no cartel 6. Anota o título, indica cantas cancións ten dentro de si e busca a palabra "mar" e outras relacionadas con el nas seis cancións.

Podedes recitalas todos xuntos en voz alta na clase.

10. Localiza no cartel 10 a Afonso X o Sabio. Cal das súas obras estudou Xosé Filgueira Valverde?

## 5.º curso de educación primaria

### BIOGRAFÍA

Xosé Fernando Filgueira Valverde naceu en Pontevedra en 1906. Realizou estudos de Dereito e Filosofía e Letras nas universidades de Santiago de Compostela e Zaragoza. En 1923 formou parte do grupo de fundadores do Seminario de Estudos Galegos, onde dirixiu a sección de Historia da Literatura. Desde ese momento e ata a súa morte, acontecida en Pontevedra en 1996, o erudito pontevedrés mantivo unha grande actividade na promoción de iniciativas culturais.



Filgueira Valverde iniciou a carreira docente o curso 1928-1929 no Instituto de Pontevedra. En 1935 gañou a cátedra de Lingua e Literatura Española do Instituto Jaime Balmes de Barcelona, exerceu despois en Lugo e na cidade do Lérez, da que foi alcalde. Pola súa dilatada dedicación ao ensino recibíra o alcume de o Vello Profesor.

Membro numerario da Real Academia Galega desde 1941 e correspondente das reais academias de Historia, de Lingua e de Belas Artes de San Fernando, o ano 1972 foi nomeado vogal do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Dirixiu, ademais, o Museo Rosalía de Castro, o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento e o Museo de Pontevedra. No bienio 1982-1983 exerceu o cargo de conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia.

Na década dos trinta foi colaborador habitual de *El Pueblo Gallego* e *Logos*, publicación esta última en que mantería unha sección de comentarios bibliográficos asinados co pseudónimo J. Acuña. Ademais destes artigos, a súa obra literaria comprende narrativa, poesía, ensaio e teatro. Así, na súa produción figuran o libro de relatos *Os nenos* (1925), a breve descrición a xeito de novela *O vigairo* (1927); o texto teatral *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936); as antoloxías *Cancioneiriño de Compostela* (1932) e o *Cancioneiriño novo de Compostela* (1969), en que recolle composicións do medievo e etapas posteriores que fan referencia á capital galega, ou o volume de prosas literarias *Quintana viva* (1971).

Porén, a maior contribución de Filgueira Valverde constitúena os seus traballos de investigación. Moitas destas prosas, espalladas pola prensa diaria, foron recollidas polo autor nos nove volumes editados baixo o título *Adral* entre os anos 1979 e 1996. As súas contribucións ao coñecemento da lírica medieval verían a luz en 1992 en *Estudios sobre lírica medieval: traballos dispersos* (1927-1987).

\* Información elaborada a partir de:

[http://bvg.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=XosFilgu&alias=Xos%E9+Filgueira+Valverde&solapa=biografia](http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XosFilgu&alias=Xos%E9+Filgueira+Valverde&solapa=biografia)

1. Unha vez que leas a biografía de Filgueira Valverde e observes os carteis 1 e 2, responde as seguintes preguntas:

- Que sección dirixiu no Seminario de Estudos Galegos? \_\_\_\_\_
- Que significa o termo "erudito"? Búscalo no dicionario. \_\_\_\_\_
- En que ano ingresou na Real Academia Galega? \_\_\_\_\_
- Que cargo desenvolveu nos anos 1982 e 1983? \_\_\_\_\_
- Cantos volumes editou baixo o nome de *Adral*? \_\_\_\_\_
- Como se titula a súa obra dedicada á lírica medieval? \_\_\_\_\_
- Por que recibe o alcume de o Vello Profesor? \_\_\_\_\_
- En que curso comeza o seu labor docente? \_\_\_\_\_


## Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

2. Mira o cartel 4 en que aparecen algunhas das portadas das obras escritas por Filgueira Valverde. Anota o título e deseguido ordénalas cronoloxicamente segundo a data de publicación. \_\_\_\_\_

3. No ano 1926 publicouse o *Vocabulario popular galego-castelán*. \_\_\_\_\_

- Xunto con Filgueira Valverde, quen son os seus autores? \_\_\_\_\_

- Repara tamén na institución que foi a responsable da súa publicación. Anótala. \_\_\_\_\_



Para atopar a resposta, dámosche dúas pistas: a portada do *Vocabulario* e o cartel 3. \_\_\_\_\_

4. Se miras con atención o cartel 9 poderás saber cales son as partes dun dicionario. Agora queremos que practiques a busca de palabras no dicionario.

- Busca o significado de: xenreira, vinganza, mal, medo, doenza, ben e festas, que podes ver no cartel 5. \_\_\_\_\_

- Anota algún sinónimo e antónimo para cada unha delas. \_\_\_\_\_

5. Observa detidamente o cartel 3.

Xa sabes que durante unha etapa da súa vida Filgueira Valverde dirixiu o Museo de Pontevedra. Accede ao web do Museo de Pontevedra, busca a sección "*Persoeiros do museo*" e pica no nome de Xosé Filgueira Valverde, poderás atopar máis información sobre el e ver fotografías: [www.museo.depo.es](http://www.museo.depo.es)

Agora volve á páxina de inicio, dálle a "*Museo*" e pica na sección "*Historia*". Se buscas nesta sección, atoparás un retrato de Filgueira Valverde e poderás responder a seguinte cuestión:

- Entre que anos foi director do museo Filgueira Valverde? \_\_\_\_\_

## 5.º curso de educación primaria

6. Ao longo da súa vida colaborou con diferentes institucións e recibiu diversos premios e recoñecementos á súa carreira. Volve ler a súa biografía, consulta os carteis 3 e 9. Completa as seguintes oracións xuntando as partes:

foi membro fundador do	Museo de Pontevedra
foi membro numerario da	Consello da Cultura Galega
foi director	alcalde de Pontevedra
foi presidente dende 1991 do	conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia
foi nomeado en 1959	Seminario de Estudos Galegos
exerceu entre 1982-1983 de	Real Academia Galega

7. Filgueira Valverde mantivo relación de amizade con outros escritores galegos como Castelao, Otero Pedrayo ou Bouza Brey. Escribe o título de dúas obras literarias súas.

Podes consultar: <http://bvg.udc.es/>

Dos tres autores que acabamos de mencionar, poderías encontrar a súa caricatura no cartel 10?

8. Mira o cartel 6 e recita en voz alta as cantigas. Aprende unha de memoria. A continuación di que tipo de rima ten cada unha.

9. O cartel 6 está dedicado á Festa dos Maios. Investiga sobre esta celebración e responde despois:

- Que son?
- Por que se celebran?
- Que se entende por ciclo do maio?
- Que tipos de maios coñeces?

Podes axudarte con:

[http://galicia.swred.com/festas\\_maios.htm](http://galicia.swred.com/festas_maios.htm)

<http://es.slideshare.net/Boedense/a-festa-dos-maios>

[http://gl.wikipedia.org/wiki/Festa\\_dos\\_maios](http://gl.wikipedia.org/wiki/Festa_dos_maios)

## Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

10. Atopa na seguinte sopa de letras os materiais cos que se fan os maios:

flores  
pampullos  
follas  
fiúncho  
musgo  
fentos  
bugallos  
froitos  
ovos  
pau



11. Examina os carteis 4 e 8.

- No 4, mira con atención e anota o título da portada do libro que está na 5.ª posición.

- Responde:

- Cando se creou a fábrica de Sargadelos?
- En que concello se construíu a primeira fábrica?
- Que significa para Sargadelos Antonio Raimundo Ibáñez?

- Observa o cartel 8. Coñeces a louza de Sargadelos? Que cores utiliza?

• Esta é unha portada dun libro que Filgueira Valverde escribiu. Completa os datos que se piden na ficha seguinte:



TÍTULO	
AUTOR	
ANO DE PUBLICACIÓN	
COLECCIÓN	
EDITORIAL	

## 6.º curso de educación primaria

1. Ruta por Pontevedra. Accede á seguinte ligazón e observa algúns puntos de interese da Galicia medieval e burguesa da cidade:

[http://www.turgalicia.es/presentacion-de-pontevedra?langId=es\\_ES](http://www.turgalicia.es/presentacion-de-pontevedra?langId=es_ES)

Recomendámosvos que vos deteñades na Pontevedra de Filgueira: a Basílica de Santa María a Maior, o Convento de Santa Clara, a Igrexa de San Francisco, o Museo de Pontevedra, o Parador, o Pazo de Mugartegui, as ruínas de San Domingos e o santuario da Virxe da Peregrina.

- Outro punto que resulta importante é o río Léz. Pontevedra tamén se coñece como a Cidade do Léz.

E Filgueira Valverde escribiu moito sobre os ríos, este é un anaco do relato "A Esmola":

¡Moitos nomes ten o río! En cada lugar por onde pasa, chámalle do seu xeito. Aquí chámalle Freiría, alí Fontaiña, acolá Lambre; perto de Muíño Novo, dinlle Muíño Vello. Para uns é Rego, para outros Regato, para o escolante "Arroyo". Inda teño escoitado Tomada, Porto, Xubiño, Canle, Perdelo... De pequecho eu dicía Regueiro, logo Río da Escola, de mozo Fonte Mulleres, ¡Madia leva ese fío de auga con tanto alcume! (sección Os Nomeandeiros de **Quintana viva**).

E a colaboración "Nomes de ríos" publicada no **V Adral**:

"Un río pode ter moitos nomes, tantos coma os lugares por onde pasa. Non é coma a vila, o monte, a leira, que se contentan con pouco; porque as xentes das ribeiras coñéceno con alcumes distintos, e logo veñen os xeógrafos a escolle-lo que ten na foz, na vila máis soada ou no máis longo treito. E fíxase nos mapas e nos libros".

"... os ríos dan nome a vilas (Xinzo de Limia), a comarcas (A Ulla), a rexións enteiras (O Minho)..."

"Temos aquí moitos topónimos nos que entra o elemento "río".

En Galicia máis de dous centos de lugares levan o nome "Río" solo ou en composto: sesenta na Coruña, oitenta e dous en Lugo, vinteseis en Ourense, trinta e cinco en Pontevedra..." (p. 24).

- Busca o río máis importante que atravesese o teu concello e anota os nomes polos que é coñecido nos diferentes treitos do seu curso. \_\_\_\_\_


- Busca nomes de lugares (topónimos) que conteñan a palabra río. Podes consultar: <http://www.xunta.es/nomenclator>. Clasifícaos segundo correspondan a nomes de concellos, parroquias ou lugares.

## Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

2. Cando Xosé Filgueira Valverde foi director do Instituto de Pontevedra, o centro facía unha revista: **Teucro**. Pero, quen é Teucro? Busca datos sobre a lenda deste heroe grego e a súa relación con Pontevedra.

Podedes ler e escoitar: **Noa e Teucro, o grego errante**. Colección Lendas galegas 12.

Na fachada do Concello de Pontevedra hai a seguinte inscrición:



Recupera o texto e escríbeo despois en galego.

---

---

3. Castelao foi profesor de Filgueira Valverde no Instituto de Pontevedra. Ademais, o segundo andar do Sexto edificio do Museo de Pontevedra está, en parte, dedicado á figura de Castelao.

Imos preparar a nosa participación en dúas actividades para unha futura visita a Pontevedra:

1.ª A visita ao Museo de Pontevedra

- Primeiro, informámonos:

<http://www.museo.depo.es/gabinete.didactico/ga.07010000.html>

Que podemos ver no Sexto edificio do PROGRAMA FILGUEIRA VALVERDE, 2015:

- A exposición "Filgueira Valverde (1906-1996). Un faro na construción de Galicia" (entre o 24 de abril e o 24 de maio). Visita guiada.

- A exposición "Filgueira e o Museo" (visita dinamizada con ficha didáctica que vincula a Filgueira e os seus traballos de investigación cos seguintes persoeiros: Ovidio Murguía, Manuel Quiroga, Castelao, o marqués de Sargadelos e San Ero).

- A peza teatral **Agromar. Farsa pra rapaces** en escena:

No salón de actos do Museo de Pontevedra, o grupo de teatro Arume representará **Agromar. Farsa pra rapaces** o sábado 16 de maio.

E, ademais, no Museo:

- Visita dinamizada á colección de A.D. Rodríguez Castelao: **O meu Castelao**.

Calquera destes percorridos ofértanse de martes a venres en horario de museo (de 10 a 21 horas). Para a reserva é preciso contactar co gabinete didáctico.

2.ª A ruta de Castelao por Pontevedra

Consulta <http://tesourosdotempo.pontevedra.eu/ruta/roteiro-castelao/> e reproduce a ruta no teu caderno.

- E achegámonos outro pouco a Castelao:

- Ao artista rianxeiro gustáballe moito facer caricaturas dos compañeiros. Proba ti facendo algunha caricatura dos teus compañeiros de clase (recorda que cómpre destacar o esencial de cada retratado).

- Busca o libro de relatos de Castelao, Cousas. Lede na clase "O pai de Migueliño". Fíxate na ilustración que o acompaña. Reprodúcea no teu caderno e, cando chegues ao museo, búscala na Sala Castelao.



## 6.º curso de educación primaria

4. A Festa dos Maios. Repara no cartel 7. Filgueira Valverde coñecía a Festa dos Maios porque realizara unha investigación que se recollera no folleto

-Mira con atención a imaxe correspondente á portada e completa os datos:

- Cal é o subtítulo? \_\_\_\_\_
- Onde se publicou? \_\_\_\_\_
- En que ano? \_\_\_\_\_
- Foi premiado este traballo? \_\_\_\_\_



- Recorda que para outorgar calquera premio se reúne antes e delibera un xurado. Filgueira Valverde foi membro do xurado nalgún certame dos maios. Aquí está na praza da Ferrería exercendo esta función.



- Describe o que ves na imaxe.

5. Ruta por Santiago de Compostela: o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento e o Museo do Pobo Galego.

Antes de comezar a deseñar a ruta, mirade este vídeo baseado no método educativo de Frei Martín Sarmiento:

[http://www.culturagalega.org/avg/extra\\_audiovisual\\_estreas.php?Cod\\_extrs=2326](http://www.culturagalega.org/avg/extra_audiovisual_estreas.php?Cod_extrs=2326)

A finais de 1943 creouse o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, que tiña a súa sede no Pazo de Fonseca. Na actualidade está no antigo Hospital de San Roque, na rúa de San Roque, número 2.

- Realizade o trazado dun percorrido pola zona histórica compostelá entre unha e outra sede.

- Prevede facer un alto no Museo do Pobo Galego e aproveitade unha visita guiada polas salas dos oficios. Podedes participar no obradoiro **Ferramentas... en mimo!** (proposta na que o alumnado debe adiviñar de que o oficio se trata a través do mimo).

- Filgueira Valverde escribía en "Dos muiños" no **Segundo Adral**: "O muiño, o canastro, o carro, o arado, a lancha, o tear..., rexos estes da cultura material do pobo" (p. 248).

- Que obxectos dos mencionados por Filgueira puidiches ver na visita ao Museo do Pobo Galego?

- Se non puideses realizar a visita, poderías responder tras a consulta de:

<http://www.museodopobo.es/index.php?lang=ga>  
<http://www.museodopobo.es/expo-sala-oficios.php>  
<http://www.museodopobo.es/expo-sala-campo.php>  
<http://www.museodopobo.es/visitavirtual.php?lang=ga>

## Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

6. Vai ao cartel 6. Copia o título da obra que escribiu Filgueira Valverde. Como xa sabes, trátase dun libro de cancións. Recitade todos en voz alta cada unha das seis que contén.

Da canción primeira temos só os dous primeiros versos.

- Reconstrúe a cantiga enteira coa axuda de <http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/Concerto-Letras-2014.pdf>

- Busca os termos: "segreles, ermidas, ondas, San Cremenço do mar".

- Para saber máis sobre a Idade Media, consultade:

[http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1292837755/contido/index.html?ln18=gl&pathODE=f18/0\\_ID/#maxScore=88&interfaz=interfaz\\_t02&titleODE=.%20A%20Idade%20Media%20en%20Espa%C3%B1a%20](http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1292837755/contido/index.html?ln18=gl&pathODE=f18/0_ID/#maxScore=88&interfaz=interfaz_t02&titleODE=.%20A%20Idade%20Media%20en%20Espa%C3%B1a%20)

Galicia acadou moita sonda na Idade Media pola poesía, que os estudosos chamaron lírica medieval galego-portuguesa. Para que ti a coñezas mellor, imos escoitar estas cantigas:

- Martín Códax, "Eno sagrado, en Vigo" (<http://youtu.be/4Aa0a8bv4d8>)
- Johan de Requeixo, "Fui eu, madr, en romaria a Faro con meu amigo" (<http://sondepoetas.blogspot.com.es/2008/05/fui-eu-madr-en-romaria-faro-con-meu.html>)

- E para saber como se compoñían as cantigas, imos recuperar unha: "Sedia-m'e eu na ermida de San Simion" do xograr orixinario de Vigo, Mendinho:

Sedia-m'e eu na ermida de Sam Simiom  
e cercarom-mi as ondas, que grandes som:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!

E cercarom-mi as ondas, que grandes som,  
nom ei (i) barqueiro, nem remador:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!

Estando na ermida ant'o altar,  
cercarom-mi as ondas grandes do mar:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!

E cercarom-mi as ondas do alto mar,  
nom ei (i) barqueiro, nem sei remar:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!

- Que o profesor vos explique os conceptos de paralelismo e leixaprén.

- No mes de agosto, na cidade de Pontevedra, véñse celebrando dende o ano 2000 a Feira Franca. No 2009, dedicouse ás cantigas medievais de amor, amigo e maldicir.

- Clasifícade as tres cantigas seguintes tendo en conta as tres categorías anteriores:

A dona que eu am'e tenho por senhor  
amostrade-mi-a, Deus, se vos én prazer for,  
senón dade-mi a morte.  
A que tenh'eu por lume destes olhos meus  
e por quen choran sempre amostrade-mi-a, Deus,  
senón dade-mi a morte.


Ai dona fea, fostes-vos queixar  
que vos nunca louvo em meu cantar;  
mais ora quero facer um cantar  
em que vos loarei toda via;  
e vedes como vos quero loar;  
dona fea, velha e sandia.

Bailemos nos ja todas tres, ai amigas,  
so aquestas avelaneiras froldas,  
e quen for velida como nós, velidas,  
se amigo amar,  
so aquestas avelaneiras froldas,  
verra bailar.

## 6.º curso de educación primaria

7. No libro **Os nenos** aparecen ilustracións de Castelao, Luis Seoane e Xosé Sesto. Algúns dos nosos rapaces fixeron a versión dalgunhas destas ilustracións.

- Saberías dicir o nome do xogo tradicional que aparece nelas e como se xoga?



- En "Trompos o camiño" (**Terceiro Adral**), Filgueira Valverde escribe:

Por San Martiño, trompos ao camiño, Por San Amaro trompos ao tellado.

Os refráns fixan o tempo (...) Xa chegaba a "moda" das buxainas.

E continúa:

UN XOGO REI. Antre cantos enredos xogábase os cativos de meu tempo, éste era o máis requintado, o que tiña máis regras e ritos, o "xogo cabezón" máis apreciado, porque tedes de lembrar que se distinguían moi ben os xogos "de rebrincar" e os "de solercia" que requiren habelencia e saberes.

Polo que di a duranza do ciclo é moi curta, de comezos de Santos a mediados de xaneiro; será porque o chan está mellor pra xogalo nesa tempía. (p. 159 e ss.)

Se seguides lendo no **Terceiro Adral** (pp. 159-163) coñeceredes os nomes da buxaina, as súas feitura e as leis do xogo.

Na lectura anterior aparecen dúas palabras: buxainas e refráns. Debuxa unha buxaina e recolle algún refrán da túa comarca.

8. **Quintana viva** contén nove contos con artistas aldeáns como protagonistas. Vai ao cartel 5. Busca nas follas da árbore os nomes dos artesáns que desenvolven oficios tradicionais.

Filgueira Valverde escribiu tamén o artigo "Dos muiños" no **Segundo Adral** (pp. 248-249), onde podemos ler: "Cada muiño era un tesouro".

E para saber máis sobre o muiño, vai a

<http://www.museodopobo.es/uploads/file/edac-muinhas.pdf>

## Xosé Fernando Filgueira Valverde - Día das Letras Galegas 2015

9. No **Segundo Adral** fala das adiviñas. Serías quen de atopar as solucións a estas que inclúe o libro?

Eido branco e terra negra, cinco aradores tirando por unha rella (Noriega Varela)

Alto e guapo son e ando á fortuna, corto por onde ando, caso sen costura (A. Fraguas)

¿Qué é, qué é, primeiro, andaR a catro patas, despois en dúas e logo en tres? (Taboada Chivite)

Alto piñeiro, redondo molete, que chova que neve, nunca se derrete (Vicente Risco)

¿O que cando máis lle quites máis grande é?

- Localiza e responde:

• En que cartel aparece a portada do **Segundo Adral**?

• En que cartel está a caricatura de Noriega Varela, autor da primeira adiviña?

10. No mesmo libro, na colaboración "Camariñas", o autor di:

As rendas que levan o alcuño de Camariñas son, cos barros dos oleiros, as louzas de Sargadelos e os grabados de Santiago, o que dá a testemuña da terra lonxana nos fogares dos galegos na diáspora, e o que asinala eiquí o apego ás cousas de nós e aos mesteres antergos (p. 253).

O Museo de Pontevedra alberga unha serie de pezas históricas pertencentes ao legado de Sargadelos. Aproveita a visita para velas (están no Edificio Sarmiento).

- No seguinte retrato vemos a Xosé Filgueira Valverde con Isaac Díaz Pardo, en 1990, no Pazo de Trasalba.

- E queremos saber:

• Onde está o Pazo de Trasalba e quen era o seu propietario? Busca no cartel 10 e atoparás unha pista para a túa resposta.

• Achegámonos á figura de Isaac Díaz Pardo. Que relación tivo con Sargadelos? E co Laboratorio de Formas e Edicións do Castro?



## 6.º curso de educación primaria

### 11. Filgueira Valverde continúa escribindo:

Pra facer o alaudo de Camariñas temos moito onde escolmar. Eu prefería aquela copra tan vella que pondera a súa valía:

Camariñas, Camariñas  
El-Rei te quixo vender;  
O que merque Camariñas  
Moito diñeiro ha de ter!

Ou mellor, unha cantiga de amores, onde acougue a saudade que levaron no peito Rosalía e Antonio Machado:

Palilleira garridiña,  
dame un alfiler de prata,  
para arrincar unha espiña  
do corazón, que me mata.

- Busca cantigas populares da túa zona en que se fale de lugares e de oficios.

12. No cartel 6 le e recupera a composición número 6. É un poema do seu libro **Seis canciones de mar "in modo antico"** que está localizado nun santuario da provincia da Coruña. En cal? Poderías investigar que outros santuarios aparecen nas outras cancións de mar de Filgueira Valverde.

---

---

---

## ANEXO 1. Bibliografía

### Do autor

Adral (vol.1- IX) (1979-1996): Sada, Eds. do Castro.

Agromar: farsa pra rapaces (1936): Lugo: Palacios.

Os nenos (1925): Pontevedra: Lar.

Quintana viva: prosas (1990): Vigo: Galaxia.

### Sobre o autor

#### Bibliografía impresa

Fortes Alén, M.ª X. (1996): Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996). Bibliografía-Traballos-Eloxios. Pontevedra: Caixa de Aforros de Pontevedra.

Valle Pérez, J. C. (ed.) (2007): Xosé Filgueira Valverde 1906-1996. Un século de Galicia. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, Museo de Pontevedra, Ministerio de Cultura, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales.

Valle Pérez, J. C. (coord.) (2007): V Memorial Filgueira Valverde: iniciativas culturais. Pontevedra: Cátedra Filgueira Valverde.

#### Bibliografía en rede

<http://www.filgueiravalverde.gal/>

<http://www.realacademiagallega.org>

<http://www.museo.depo.es>

<http://www.museodopobo.es/expo-sala-oficios.php>

<http://www.culturagallega.org/>

[http://bvq.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=XosFilgu&alias=Xos%E9+Filgueira+Valverde&solapa=biografia](http://bvq.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XosFilgu&alias=Xos%E9+Filgueira+Valverde&solapa=biografia)

<http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/Concerto-Letras-2014.pdf>

### Sobre os debuxos

Cartel 2: O debuxo é obra dun alumno de 4.º de primaria e está feito con base no debuxo de Siro que figura no Museo de Pontevedra.


Cartel 10: Os debuxos foron reproducidos por Covadonga Rocho Piniella, na súa maioría, e teñen a súa base nas Ilustracións Variografik para La Voz de Galicia (2004).

### Sobre as fotografías


O fondo fotográfico utilizado na elaboración de todo o material pertence ao arquivo da familia Filgueira.

Contouse coa autorización expresa para a súa utilización e difusión nesta guía e carteis impresos e para a versión web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

## ANEXO 2




NACEU



EN



PONTEVEDRA



FOI



PROFESOR



E




ESCRITOR



DIRIXIU O




MUSEO




DE




PONTEVEDRA




TIVO




CATRO



FILLAS



E



UN




FILLO



VIVIU

89


89




ANOS

## ANEXO 3

Mira o maio da páxina seguinte. Debes decoralo. Para iso: colorea estes debuxos, recórtaos e pégaos no maio.







# LEGRAS GALEGAS 2015

